

## REGULAMENTO SOBRE A AVALIACIÓN, A CALIFICACIÓN E A CALIDADE DA DOCENCIA E DO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ESTUDANTADO

(Aprobado no claustro do 18/04/2023, modificado no claustro de 22/12/2023)

Versión consolidada

### PREÁMBULO

A Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, nos seus artigos 2.2. f) e 46.3, confírelles ás universidades unha autonomía e unhas competencias para establecer os procedementos de verificación dos coñecementos dos e das estudantes.

O artigo 7.1. g) e h) do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, tamén inclúe aspectos relativos á avaliación do estudantado. Concretamente, fai unha referencia explícita a que cada estudante terá dereito a ser informado das normas da universidade sobre a avaliación e o procedemento de revisión de cualificacións, así como a unha avaliación obxectiva e, sempre que sexa posible, continua, baseada nunha metodoloxía activa de docencia e aprendizaxe.

Á súa vez, o artigo 74.2. dos Estatutos da Universidade de Vigo establece que a Universidade de Vigo se dotará dun regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado que a) ordene a avaliación e a cualificación do rendemento académico do estudantado da Universidade de Vigo, así como as cuestións transversais a esta; b) especifique de xeito xeral mediante un marco de aplicación e de garantías os procesos de avaliación e de cualificación do estudantado na Universidade de Vigo; c) asegure un marco xeral para elaborar as guías docentes dos diferentes estudos na Universidade de Vigo; d) garanta un marco xeral na aplicación dos dereitos académicos do estudantado da Universidade de Vigo, prestando especial atención ao dereito a ser asistido e orientado mediante titorías e ao dereito a asistir ás clases tanto teóricas coma prácticas das materias matriculadas; e e) estableza os indicadores e os procedementos necesarios para realizar o seguimento das condicións obxectivas nas cales se imparten as diferentes ensinanzas desenvolvendo un sistema de calidade baseado na mellora continua do proceso de aprendizaxe na Universidade de Vigo.

Por todo isto, o presente regulamento ten a función de definir, no sentido expresado, un marco normativo xeral en que se desenvolvan os procesos de aprendizaxe, avaliación e cualificación do estudantado da Universidade de Vigo, alén de dotalos da maior transparencia e racionalidade na procura dunha educación de calidade en continua mellora.

### TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

#### Artigo 1. Obxecto

1. Este regulamento ten por obxecto o ordenamento do proceso de ensino-aprendizaxe na Universidade de Vigo, prestando especial atención a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia.

2. A presente normativa regulará:

- a. Os sistemas de avaliación e análise dos resultados da aprendizaxe adquiridos polo estudantado nas titulacións oficiais de grao e de mestrado que se oferten na Universidade de Vigo.
- b. A convocatoria e o desenvolvemento das probas de avaliación, así como as incidencias que poidan presentarse durante estas.
- c. A cualificación, así como os procedementos de comunicación de resultados e a publicación de

actas.

- d. O procedemento de revisión das cualificacións con plena garantía dos dereitos do estudantado.
- e. Os mecanismos que garantan a mellora da calidade académica da aprendizaxe.

## **Artigo 2. Ámbito de aplicación**

1. Este regulamento aplicarase aos estudos oficiais de grao e de mestrado impartidos nos centros da Universidade de Vigo.
2. No caso das titulacións interuniversitarias (nacionais ou internacionais) deberá terse en conta, xunto coa normativa básica de carácter xeral, o disposto nos convenios específicos correspondentes.
3. Os traballos de fin de grao e de mestrado, así como as prácticas externas rexeranse polas súas normas específicas, sen prexuízo da aplicación das garantías fixadas no presente regulamento. En todo caso, as guías docentes informarán das modalidades e dos procedementos de avaliación.

## **Artigo 3. Definicións**

Para os efectos da aplicación da presente normativa, entenderase por:

- a. Actividade académica: o conxunto de accións formativas desenvoltas dentro da planificación docente dunha materia, coa finalidade da transmisión ordenada de coñecementos e da consecución de habilidades, competencias e destrezas por parte do estudantado.
- b. Avaliación: a estimación dos coñecementos, competencias e habilidades ou destrezas do estudantado, sen que necesariamente toda a avaliación esixa determinar unha cualificación.
- c. Avaliación continua: a que se efectúa mediante un conxunto de probas ou actividades realizadas ao longo do período formativo vencellado á materia e que deben permitir valorar o progreso de cada estudante ao longo do dito período.
- d. Avaliación global: a que se leva a cabo a través dunha “proba de avaliación global”, unha vez finalizado o período formativo vencellado á materia.
- e. Proba de avaliación global: a que se realiza no día fixado no calendario oficial de exames e que pode consistir nun exame e/ou nunha actividade ou actividades que valoren a adquisición das competencias requiridas na devandita materia, descritas na guía docente.
- f. Cualificación: o acto administrativo polo que se interpreta a información que proporciona a avaliación reflectida nunha nota correspondente á escala entre 0 e 10, que se incorporará á acta, resultado da aplicación do procedemento e dos criterios da avaliación previamente establecidos.
- g. Práctica de carácter clínico/experimental: é o tipo de clase que ten como obxectivos instrutivos fundamentais que o estudantado adquira os resultados de aprendizaxe mediante a experimentación, á vez que aplica os coñecementos científico-técnicos adquiridos mediante o manexo de instrumentos ou de equipos que pola súa especificidade teñan que desenvolverse nas instalacións dos centros.

## TÍTULO II. DAS GUÍAS DOCENTES

### Artigo 4. Do obxecto das guías docentes

A guía docente é o documento que concreta a planificación dunha materia de xeito claro e preciso dentro dun plan de estudos definido. Polo tanto, a guía docente constitúe o marco teórico que describe o proceso de ensino-aprendizaxe e supón un acordo entre os diferentes actores involucrados no seu desenvolvemento.

### Artigo 5. Do contido das guías docentes

1. A guía docente deberá recoller a información organizativa e académica necesaria para que o estudiantado estea debidamente informado sobre a materia, e prestará especial atención ás metodoloxías, aos resultados de aprendizaxe e aos procesos de avaliación e cualificación.

2. A información incluída na guía docente será común a todos os grupos de docencia da materia, se ben poderán definirse unhas metodoloxías e un sistema de avaliación e cualificación diferente en función da modalidade de impartición (presencial, semipresencial ou non presencial).

3. As guías docentes deberán incluír, polo menos, a seguinte información:

- a. Os datos básicos da materia, que incluírá os datos académicos, a lingua ou linguas de impartición, a modalidade ou modalidades de impartición e unha contextualización e obxectivos desta.
- b. As competencias básicas, específicas e transversais asociadas á materia.
- c. As diferentes metodoloxías docentes empregadas como base do proceso de ensino-aprendizaxe que se desenvolverán na materia.
- d. Os contidos, onde se especifique o temario teórico-práctico da materia.
- e. A planificación da materia coas horas de dedicación presencial e non presencial do estudiantado para cada actividade que figure nesta, incluídas as probas de avaliación.
- f. Breve descrición do carácter das prácticas da materia e, no seu caso, a obrigatoriedade de asistir a un número mínimo de horas das clases prácticas.
- g. A metodoloxía da avaliación, o peso porcentual na cualificación final da materia e as competencias e resultados da aprendizaxe esperados de cada proba nas dúas oportunidades de avaliación por convocatoria.
- h. A descrición das probas da avaliación global establecidas neste regulamento e o seu peso porcentual.
- i. Calquera outra información relevante para superar as diferentes probas de avaliación (cualificación mínima esixida, consideración ou non do carácter recuperable, condicións específicas...)
- j. A bibliografía necesaria e recomendada coas referencias e cos recursos dixitais de interese, tanto básica como complementaria para cubrir a materia.
- k. A ligazón á páxina web onde poidan consultarse e/ou solicitarse as tutorías.
- l. Outras recomendacións coa listaxe de materias que se recomende cursar con anterioridade.

## **Artigo 6. Da elaboración das guías docentes**

1. Existirá unha única guía docente por materia e por curso, con independencia das versións traducidas a diferentes linguas de impartición da Universidade de Vigo. Todas as guías docentes estarán redactadas obrigatoriamente conforme a un formato unificado para todos os ensinos que se imparten na Universidade de Vigo.
2. No caso daquelas materias que compartan a súa organización docente en diferentes titulacións dun mesmo centro, e dentro das súas competencias, estes poderán establecer unha mesma guía docente da materia para todas as titulacións implicadas.
3. O contidos das guías docentes das mesmas materias impartidas en distintos centros deberán ter como mínimo os mesmos resultados de aprendizaxe, que se concretan en coñecementos ou contidos, habilidades e competencias, e bibliografía básica.
4. A persoa coordinadora xunto co profesorado que imparta cada materia será responsable de elaborar, en todas as linguas oficiais, a guía docente desta. Na súa elaboración, velarán porque o seu contido estea en concordancia coa memoria de verificación do título e farán un exercicio de reflexión continua sobre todo o proceso de ensino-aprendizaxe para que este sexa efectivo, actualizado, completo, coherente e cumpra cos requisitos de calidade.

## **Artigo 7. Da aprobación das guías docentes**

1. Antes de aprobarse as guías docentes, a comisión do centro con competencias en calidade validará as propostas de guía docente recibidas segundo o marco normativo aplicable, atendendo especialmente á verificación de que a información contida nestas sexa completa, clara e comprensible para o estudiantado. No caso de atopar deficiencias, estas devolveránselles ás persoas responsables da coordinación dos títulos para que se resolvan.
2. A Xunta do Centro deberá aprobar as guías docentes validadas pola comisión con competencias en calidade tras comprobar a súa adecuación ao marco normativo.
3. O centro é o responsable da posta en marcha e da comunicación dos prazos e dos procedementos para a elaboración, entrega e validación das guías docentes de cada materia sempre dentro das instrucións establecidas pola vicerreitoría con competencias na materia.
4. No caso das materias de estudos interuniversitarios non coordinados pola Universidade de Vigo, os prazos, a forma de elaboración e, no seu caso, a modificación e a súa aprobación, serán establecidos pola universidade ou polo centro que coordine a docencia. En calquera caso, a vicerreitoría con competencias na materia velará para que a información estea dispoñible para o estudiantado ao comezo do período de matrícula e para que o contido das ditas guías se axuste ao marco normativo e aos estándares de calidade do espazo europeo de educación superior (EEES). No caso de materias non impartidas pola Universidade de Vigo, deberase elaborar igualmente a guía docente da materia, que incorporará polo menos a ligazón á guía docente da universidade onde se imparta.

## **Artigo 8. Da publicación das guías docentes**

Unha vez aprobadas na xunta do centro, as guías docentes deberán publicarse, en todas as linguas oficiais e antes do comezo do período de matriculación do curso académico ao que a guía fai referencia, na web da Universidade de Vigo e estar accesibles a través das webs dos centros e/ou títulos.

## **Artigo 9. Da modificación das guías docentes**

1. Se unha vez pechada a guía docente, por algunha razón xustificada e debidamente acreditada, fose necesario realizar modificacións, estas serán aprobadas pola Xunta do Centro.
2. Non se autorizarán modificacións da guía docente que afecten ás metodoloxías e aos criterios de avaliación e/ou cualificación do estudantado unha vez comezada a impartición da materia, agás nos casos nos que se trate de adaptala ao marco normativo en vigor.
3. Nos casos en que a proposta de modificación prospere, o centro solicitaralle á vicerreitoría con competencias abrir un período excepcional de modificacións.
4. Unha vez modificada a guía docente, o coordinador/a da materia deberá comunicarlle directamente ao estudantado matriculado na materia afectada, tanto os cambios realizados como a xustificación destes.

## **Artigo 10. Do incumprimento das guías docentes**

1. O estudantado ten dereito a interpoñer, unha reclamación motivada dirixida ao decanato ou á dirección ao que estea vinculada a titulación da materia, no caso de considerar que a guía docente desta foi incumplida por algún dos ou das docentes involucrados na súa impartición.
2. Unha vez recibida a reclamación, o decanato ou a dirección trasladaranlles, nun prazo máximo de dous días hábiles, a reclamación aos docentes responsables da materia, que poderán presentar alegacións nun prazo de cinco días hábiles.
3. Vistas as alegacións presentadas polos/as docentes responsables da materia, o centro resolverá a reclamación nun prazo máximo de cinco días hábiles e tomará as medidas necesarias e oportunas para garantir o adecuado desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe
4. No caso dunha resolución desfavorable na reclamación do proceso, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de alzada ante a reitoría, que actuará de conformidade co establecido no título XI.

## **TÍTULO III. DO PROCESO DE APRENDIZAXE**

### **Artigo 11. Das ensinanzas teóricas e prácticas**

As ensinanzas teórico-prácticas son o vehículo transmisor do coñecemento e, como tal, supoñen o eixo do proceso de ensino-aprendizaxe. Consonte este principio, o estudantado debe ter garantido o seu dereito estatutario a unha formación académica de calidade, cualificada, actualizada, interdisciplinaria, integradora e igualitaria mediante a asignación de recursos suficientes, tanto persoais como materiais, para o correcto desenvolvemento destas ensinanzas.

### **Artigo 12. Dos recursos asignados á docencia e á avaliación**

1. Os centros serán os encargados de velar polo uso dos recursos asignados pola universidade para garantir unha docencia de calidade así como de solicitar os que estimen necesarios.
2. Os centros velarán pola asignación máis eficiente dos espazos á súa disposición cara ao desenvolvemento da docencia e da avaliación. En calquera caso, a docencia e a avaliación da adquisición de coñecementos e competencias debe levarse a cabo en espazos axeitados para a súa tipoloxía e para as características de cada titulación e materia.

## **Artigo 13. Da asistencia ás aulas**

1. Dado que a asistencia a clase é un dereito do estudantado, tal e como se recolle nos Estatutos da Universidade de Vigo, pero ao mesmo tempo é un elemento fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe, poderá valorarse como un factor máis nos procesos de avaliación do estudantado na modalidade de avaliación continua.
2. Nas materias nos que os sistemas de avaliación e cualificación do estudantado presupoñan a asistencia ás aulas, conservaranse os datos acreditativos da devandita asistencia, que deberán notificarse ao estudantado de xeito análogo ao resto de cualificacións, nos mesmos termos que calquera outra proba ou evidencia da avaliación do estudantado.
3. No sistema de avaliación global, a non asistencia ás aulas non poderá repercutir negativamente na cualificación nin ser un requisito preceptivo.
4. Co fin de garantir o dereito do estudantado a conciliar a asistencia ás aulas con outras actividades profesionais e/ou familiares e, se for o caso, para o exercicio dos dereitos das vítimas de violencia de xénero e deportistas de elite, os centros deberán determinar as condicións e o procedemento seguido para elixir o grupo de docencia, de ser o caso.

## **Artigo 14. Da asistencia ás prácticas**

Para a avaliación das prácticas, poderase establecer na guía docente a obrigatoriedade de asistir a un número mínimo de sesións. No caso de solicitar a avaliación global, o estudantado poderá ser avaliado de prácticas aínda que non asistise a estas, sempre que non se trate de prácticas de carácter clínico/experimental, ou das materias «Prácticas externas» ou «Prácticum» de calquera titulación.

## **Artigo 15. Das faltas xustificadas de asistencia**

1. O estudantado poderá xustificar a falta de asistencia puntual por razóns de índole persoal, familiar ou pola realización de deberes inescusables de carácter social, todos eles debidamente acreditados. Cando isto suceda, a ausencia non poderá implicar consecuencias negativas para a avaliación e cualificación do estudantado, e deben acordarse os cambios oportunos sempre que sexa posible dentro da planificación académica da materia.
2. Para estes efectos, consideraranse causas xustificadas as seguintes:
  - a. A realización de exames, probas de avaliación oficiais ou probas selectivas na Administración que se xustifiquen mediante a acreditación do órgano avaliador.
  - b. A presenza en órganos colexiados e comisións derivadas destes por parte dos e das representantes electos do estudantado, acreditada pola presidencia ou secretaría do citado órgano ou comisión. Así como a representación da Universidade de Vigo nos órganos onde esta estea presente.
  - c. O ingreso en centros hospitalarios ou as consultas médicas programadas acreditado polo centro médico ou facultativo involucrado.
  - d. A enfermidade ou a baixa médica que impida a presenza física no centro, acreditada polo centro médico ou facultativo involucrado.
  - e. A enfermidade grave ou falecemento dun familiar, ata o 3º grao, debidamente acreditada.
  - f. O cumprimento dun deber público, debidamente acreditado.

- g. A limitación da mobilidade orixinada por unha inclemencia meteorolóxica ou emerxencia de calquera outra índole, debidamente acreditada, ou a declaración dunha alerta, alarma ou excepción, decretada por unha Administración pública competente no territorio da Universidade de Vigo que limite a mobilidade ou a desaconselle.
  - h. A folga ou o paro académico autorizado, debidamente acreditado.
  - i. A participación como deportista nos supostos recollidos no Estatuto do estudiantado deportista da Universidade de Vigo.
  - j. Calquera outra causa sobrevida.
3. O estudiantado xustificará a falta de asistencia puntual ante o profesorado responsable da materia. No caso de discrepancia entre este e o estudiantado, a decisión corresponderalle ao órgano de dirección do centro.

## **Artigo 16. Da titorización**

O estudiantado ten dereito a ser titorizado, asistido e orientado individualmente, no proceso de ensino-aprendizaxe de cada materia, mediante titorías ao longo de todos os períodos do curso académico e consonte a normativa interna da Universidade de Vigo.

## **Artigo 17. Do estudiantado con necesidades específicas de apoio**

1. O estudiantado con necesidades educativas específicas de apoio educativo, debidamente acreditadas pola autoridade competente que corresponda, terá dereito a unha adaptación tanto da planificación da ensinanza como das metodoloxías e sistemas de avaliación e cualificación, así como a un seguimento personalizado da súa actividade académica e a unha atención adaptada que facilite a súa integración na vida universitaria.
2. A vicerreitoría con competencias na materia, de acordo coa Unidade de Atención ao Estudiantado con necesidades específicas de apoio educativo (Unaten), avaliará as adaptacións materiais ou metodolóxicas precisas en cada caso e apoiará ao centro e profesorado implicado no asesoramento do sistema de avaliación que sexa necesario seguir.
3. Sen modificación da dificultade esixida ao resto do estudiantado e, no seu caso, atendendo ás adaptacións curriculares establecidas, as medidas poderán consistir na adaptación dos tempos, na elaboración de modelos especiais de proba e na posta ao alcance do estudiantado dos medios materiais e humanos, das asistencias, dos apoios e das axudas técnicas que precise para a realización das probas de avaliación; así como na garantía de accesibilidade da información e a comunicación dos procesos e do espazo físico onde esta desenvolva.

## **TÍTULO IV. DA AVALIACIÓN DO ESTUDANTADO**

### **Artigo 18. Do obxecto da avaliación**

O obxecto da avaliación é establecer o proceso formal polo que se pretende comprobar de modo sistemático en que medida o estudiantado acadou os resultados da aprendizaxe, adquiriu as competencias e dominou o temario correspondente a cada materia ou titulación.



## **Artigo 19. Dos sistemas de avaliación**

1. Os sistemas, as metodoloxías e os criterios de avaliación deberán ser públicos a través das guías docentes das materias e garantir a obxectividade e a ecuanimidade na valoración dos resultados da aprendizaxe obtidos polo estudiantado.
2. Os sistemas de avaliación estarán divididos en dous grandes grupos ou modalidades: metodoloxías de avaliación continua e metodoloxías de avaliación global.
3. O estudiantado terá dereito a elixir o tipo de sistema co que será avaliado dentro de cada materia. A avaliación será preferentemente continua, sen prexuízo da obriga de poñer probas de avaliación global, como alternativa e sempre dentro da mesma oportunidade de avaliación, a disposición do estudiantado que renuncie á avaliación continua.
4. A elección da modalidade de avaliación global correspóndelle a cada estudante, que poderá levala a cabo segundo o procedemento e o prazo establecido polo centro, que non poderá ser inferior a un mes. A elección da modalidade de avaliación global supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose das actividades da modalidade de avaliación continua que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.
5. A todo o estudiantado dunha mesma materia aplicaráselle, dun xeito homoxéneo, as especificacións sobre a avaliación recollidas na guía docente, con independencia do seu grupo de adscrición e do profesorado responsable da súa docencia, avaliación e cualificación. As metodoloxías e os criterios de avaliación non se poderán modificar unha vez iniciado o curso académico correspondente.
6. Con independencia do sistema de avaliación elixido, o estudiantado terá sempre dereito a optar á máxima cualificación.

## **Artigo 20. Das probas de avaliación continua**

1. As probas do sistema de avaliación continua da aprendizaxe do estudiantado poden estar baseadas na combinación dalgunhas das seguintes metodoloxías:
  - a. Exames escritos u orais.
  - b. Traballos presentados e dirixidos academicamente, con respecto aos contidos da materia.
  - c. Realización de distintos tipos de prácticas.
  - d. Participación activa do estudiantado nas clases teóricas, prácticas, seminarios, talleres e demais actividades relacionadas coa materia.
  - e. Outras probas e actividades específicas presentes na guía docente, sempre que garantan unha avaliación obxectiva da aprendizaxe e do rendemento.
2. As probas de avaliación continua, tanto presenciais como telemáticas, realizaranse sempre dentro do horario asignado ás aulas lectivas da materia. No caso de insuficiencia de medios, o profesorado responsable da materia, a través dos coordinadores/as de materia, curso e título poderán artellar mecanismos de planificación que garantan o mellor axuste do horario para realizar as probas de avaliación. Isto notificaráselle con suficiente antelación ao estudiantado involucrado a través dos cronogramas das materias establecidos polas coordinacións dos títulos. En calquera caso, as citadas horas computarán dentro das horas lectivas da materia.
3. Esta modalidade pode incluír, ademais, unha proba final, entendida como a que ten condicionada a súa realización na data oficial do exame para cada oportunidade de avaliación.



4. As guías docentes recollerán as actividades que contribúan á cualificación final, a súa ponderación e a súa obrigatoriedade, se a houbese, de obter unha cualificación mínima nalgunha delas. Para garantir que a avaliación continua sexa diversificada, ningunha das probas ou actividades que a constitúan poderán supoñer por si mesmas máis do 40% da cualificación final da materia, agás na segunda oportunidade de avaliación que poderá ser superior.

## **Artigo 21. Das probas de avaliación global**

1. As probas do sistema de avaliación global da aprendizaxe do estudantado pode estar baseado na combinación dalgunhas das seguintes metodoloxías:
  - a. Exames escritos u orais.
  - b. Traballos presentados, e dirixidos academicamente, en relación cos contidos da materia.
  - c. Realización de distintos tipos de prácticas.
  - d. Outras probas e actividades específicas que figuren na guía docente, sempre que garantan unha avaliación obxectiva da aprendizaxe e do rendemento.
2. As probas de avaliación global realizaranse sempre na data oficial do exame para cada oportunidade de avaliación dentro do período de probas oficiais marcado no calendario académico de cada curso.

## **Artigo 22. Das probas de avaliación oral**

1. As probas de avaliación oral terán carácter público para todo o estudantado matriculado na materia.
2. Sempre que sexa posible, incluíndo a defensa do TFG e do TFM, deberán gravarse ou, en calquera caso, contar cunha alternativa que as permita revisar e concorde co proceso de ensino-aprendizaxe.

## **Artigo 23. Das oportunidades de avaliación**

Nas titulacións de grao e de mestrado, o estudantado terá dereito a dúas oportunidades de avaliación (ordinaria e extraordinaria) por matrícula e por materia en cada curso académico. As datas de realización das citadas oportunidades de avaliación estableceranse conforme o calendario académico oficial aprobado antes do comezo de cada curso académico.

## **Artigo 24. Do adianto de convocatoria**

1. As probas de avaliación correspondentes á convocatoria de fin de carreira, no caso dos graos, e o adianto de convocatoria, no caso dos mestrados, realizaranse nun período distinto dos fixados no artigo anterior.
2. Na convocatoria de matrícula de cada curso académico estableceranse as condicións que deberá cumprir o estudantado para acceder a esta convocatoria.
3. Nesta convocatoria rexerán as guías das materias que estiveron vixentes no curso anterior, e o estudantado deberá ser avaliado polo profesor/a ou profesores/as que impartiron a materia no curso anterior. No caso de non ser posible, será responsabilidade do departamento establecer o mecanismo para garantir a realización das probas.
4. No caso dos graos, o estudantado poderá solicitar ser avaliado polo tribunal ao que se refire o título VIII.

## **Artigo 25. Do calendario de probas globais**

1. O calendario de exames, coa concreción de datas, hora e lugares de realización, será aprobado pola Xunta do Centro e deberá publicarse antes do período de matrícula. Este calendario axustarase ao calendario académico oficial aprobado polo Consello de Goberno.
2. O calendario de exames non poderá modificarse salvo circunstancias excepcionais, que serán resoltas polo decanato/dirección do centro tras atender o profesorado e as delegacións do estudantado afectado.
3. Entre os inicios das probas globais das materias dun mesmo curso deberá transcorrer un prazo non inferior a 24 horas. En todo caso, cada estudante terá dereito a que a realización das probas de carácter global correspondentes non lle coincidan na data e na hora.

## **Artigo 26. Da ausencia xustificada a unha proba de avaliación**

1. O estudantado poderá xustificar a falta de asistencia ás probas de avaliación polas razóns indicadas no artigo 15.
2. Cando isto suceda, o estudantado terá dereito a realizar a proba de avaliación noutra data fixada polo profesorado responsable da materia, procurando que sexa consensuada coa ou co estudante afectado ou afectada e sempre antes do peche de actas da convocatoria. Entre a comunicación da nova data de avaliación e a realización da proba deberán transcorrer como mínimo 48 horas.

## **Artigo 27. Do retraso no comezo das probas de avaliación**

Se o comezo dunha proba se atrasase máis de trinta minutos por ausencia do profesorado ou por causas alleas ao estudantado, este porao en coñecemento do decanato/dirección do centro de xeito inmediato e acordarán, xunto cos delegados/as de curso dos grupos afectados, unha data distinta para realizar a proba.

## **Artigo 28. Da realización das probas de avaliación**

1. As probas de avaliación deberán levarse a cabo nas mellores condicións ambientais posibles, de forma que o tempo programado, as aulas e os espazos reservados sexan adecuados para desenvolverlas.
2. Non se poderá esixir máis de 5 horas de dedicación do estudantado a unha proba e día. Se a duración da proba tivese unha duración maior de 3 horas, necesariamente deberase facer un descanso.
3. As probas de avaliación presenciais realizaranse no mesmo centro e sede no que estea adscrito o estudante, salvo que a metodoloxía da proba non o permita. Excepcionalmente, tamén se poderán realizar noutras dependencias da universidade onde o estudantado recibise docencia da citada materia ao longo do curso.
4. O estudantado citado a unha proba de avaliación deberá comparecer no lugar e na hora prevista cun documento acreditativo oficial da súa identidade en formato físico ou dixital (DNI, NIE, pasaporte, tarxeta universitaria ou carné de conducir).
5. A duración, a puntuación de cada parte das probas de avaliación, así como os requisitos para superar a proba, de ser o caso, deberán ser coñecidos polo estudantado de modo que quede constancia por escrito destes con anterioridade á realización da proba ou no enunciado ou formulación deste.
6. O estudantado terá dereito a recibir, tras finalizar a proba, un xustificante conforme asistiu e realizou a devandita proba.

7. No momento en que se entrega o exame, o estudantado só terá ao seu alcance o material autorizado para realizala. En consecuencia, salvo autorización expresa, queda prohibido tanto usar coma ter calquera tipo de material de consulta ou axuda, así como de dispositivos electrónicos con capacidade de comunicación e/ou de almacenamento de datos, que deberán permanecer apagados e fóra do alcance e da vista do/a estudante ata a saída do lugar do exame.

8. Ademais, os/as estudantes deben respectar as normas establecidas con antelación polo profesorado.

## **Artigo 29. Da vixilancia das probas de avaliación**

Deberá garantirse que polo menos un/unha docente responsable da materia estea presente en todas as probas de avaliación, agás por algunha imposibilidade material debidamente acreditada; en tal caso, deberá substituíse por outro ou outra docente do mesmo departamento.

## **Artigo 30. Da custodia das probas de avaliación**

1 A custodia das probas de avaliación será responsabilidade do profesorado da materia e deberán custodiarse polo menos os tres últimos cursos académicos pechados. Cando o profesorado cause baixa na Universidade, a custodia da documentación pasará ao departamento correspondente. Nos casos de reclamación, o material obxecto da consulta e da análise deberá conservarse ata que exista unha resolución firme ao respecto.

2. Antes de que transcorran os prazos anteriores, os e as estudantes poderán solicitarlle por escrito ao profesorado da materia a devolución dunha copia dos seus traballos e memorias de prácticas. Os documentos orixinais entregaranse unha vez finalizados os prazos sinalados no parágrafo anterior, tras solicitalo o/a estudante.

3. Todos os traballos estarán suxeitos á lexislación da propiedade intelectual e será necesario o permiso do autor/a por escrito para usalos calquera outra persoa.

4. No caso de perda, roubo ou destrución accidental de documentos ou materiais das probas de avaliación, o profesorado afectado porá de inmediato este feito en coñecemento do departamento.

5. Se isto sucedese antes da corrección, repetirase a proba ou probas de avaliación afectadas. Se a perda ocorrese despois de corrixila e antes de revisala, o estudantado terá dereito a repetir a proba en cuestión, mediante a solicitude pertinente. Neste caso, a cualificación correspondente será a obtida na repetición da proba.

6. O centro será o encargado de arbitrar o procedemento de resolución dos conflitos que tal circunstancia puidese causar.

## **TÍTULO V. DA CUALIFICACIÓN DO ESTUDANTADO**

### **Artigo 31. Do sistema de cualificación**

1. O sistema de cualificación final das materias rexerase polo previsto no Real decreto 1125/2003, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e desenvolto na normativa de xestión académica de estudos de grao.

2. Os resultados obtidos polo/a estudante en cada unha das materias do plan de estudos cualificaranse en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que engadirá a súa correspondente cualificación:

- 0-4,9: suspenso (SS)
- 5,0-6,9: aprobado (AP)
- 7,0-8,9: notable (NT)
- 9,0-10: sobresaliente (SB)

### **Artigo 32. Da condición de non presentado**

1. Enténdese que un/unha estudante se presentou á avaliación dunha materia e, por tanto, haberán de consignárselle algunhas das cualificacións ás que se refire o apartado anterior, nos seguintes supostos:

- a. Se o sistema de avaliación da materia prevé unha proba final, cando o estudantado se presente á ditada proba, en toda ou en parte.
- b. Se o estudantado participou en probas ou actividades de avaliación continua máis alá dos prazos establecidos polo centro para a solicitude de modalidade de avaliación global.

2. No caso de non acadar a cualificación mínima esixida nalgunha proba para superar a materia, a súa cualificación final reflectirá o máis fielmente posible a cualificación real do estudantado.

3. Noutros casos, na acta das cualificacións constará a anotación de «Non presentado/a».

### **Artigo 33. Da mención de matrícula de honra**

De conformidade co Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, poderase conceder a mención de «matrícula de honra» ao e as estudantes que obtivesen a cualificación igual ou superior a 9,0, sen que o seu número poda exceder do cinco por cento dos/as matriculados na materia do correspondente curso académico. Non obstante, se o número de estudantado matriculado fose inferior a 20 poderá concederse unha matrícula de honra.

### **Artigo 34. Da comunicación das cualificacións**

1. O estudantado terá dereito a coñecer as cualificacións provisionais tras realizar calquera proba de avaliación. As devanditas cualificacións deberánselle notificar ao estudantado antes de que sexan definitivas.

2. Para garantir o correcto desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe baixo unha metodoloxía de carácter formativo, os resultados das probas de avaliación continua do estudantado deberán publicados nun prazo máximo de quince días hábiles desde a súa realización. En calquera caso, as

cualificacións correspondentes á avaliación continua da materia deberán estar a disposición do estudantado cunha antelación mínima de cinco días hábiles á data de realización das probas de avaliación final da materia.

3. Todas as cualificacións obtidas polo estudantado publicaranse na plataforma interna ou na aula virtual oficial da Universidade de Vigo co acceso limitado ao profesorado da materia e a todo o estudantado matriculado nela, que garante o coñecemento das súas cualificacións e das compañeiras e compañeiros do grupo. Excepcionalmente, e por motivos xustificados, no caso de non ser posible, poderanse publicar as cualificacións en taboleiros físicos pechados con chave, sempre que non se encontren nas zonas comúns dos centros.

4. Os datos para publicar as cualificacións limitaranse ao nome e apelidos do estudantado e á cualificación obtida. No caso de que houbose estudantes cos mesmos nomes e apelidos, publicaranse para eles os catro díxitos que ocupen as posicións 4ª, 5ª, 6ª e 7ª do documento nacional de identidade, número de identidade estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente, conforme o esixido na normativa actual de protección de datos.

5. As listaxes coas cualificacións manteranse expostas ao grupo da materia durante o tempo preciso que garanta o seu coñecemento por todo o estudantado e, en todo caso, respectando os prazos de reclamación.

## **Artigo 35. Da revisión das cualificacións**

1. O estudantado ten dereito a revisar todas as probas de avaliación de xeito individualizado antes de que sexan definitivas. Para tal fin, o profesorado responsable da materia publicará xunto coas cualificacións, a data, hora e lugar para revisar cada proba de avaliación.

2. A revisión das cualificacións levaranse a cabo no mesmo centro e sede no que estea adscrito o estudante, ben no despacho habitual do profesorado, ben nas dependencias que este estime máis conveniente ou nos espazos que poida habilitar o centro para tal efecto.

3. Entre a publicación das cualificacións da proba de avaliación e a data de revisión deberá transcorrer un período entre dous e sete días hábiles e sempre que se respecten os prazos de peche de actas recollidos no calendario oficial da universidade.

4. De ser o caso, unha vez feita a revisión, o profesorado debe publicar a cualificación definitiva do estudantado que a solicítase. A cualificación definitiva non pode ser inferior á provisional, agás erro material, aritmético ou de feito.

## **Artigo 36. Da acreditación da revisión das probas de avaliación**

A/o estudante poderá, de así requirilo, recibir una acreditación da súa asistencia á titoría individualizada de revisión da súa proba, asinada polo profesorado da materia. Nesta acreditación, deberá constar a data, hora e lugar da revisión, así como calquera modificación na cualificación da proba que se realízae.

## **TÍTULO VI. DA RECLAMACIÓN DO PROCESO DE AVALIACIÓN E DAS CUALIFICACIÓNS DO ESTUDANTADO**

### **Artigo 37. Da avaliación e cualificación ante tribunal**

1. No caso de desconformidade con calquera das probas de avaliación e/ou coa cualificación final obtida, o estudantado ten dereito a solicitar ante o órgano de dirección do centro, nun prazo de dez días hábiles, contados desde a data de publicación das cualificacións definitivas, no caso das probas de avaliación continua ou desde o peche de actas, no suposto de cualificación final, unha segunda avaliación ante un tribunal. Para poder exercer este dereito é necesario que a/o estudante acudise previamente á revisión da proba ou da avaliación.

2. O órgano de dirección do centro, despois de recibir a solicitude por parte da ou do estudante, remitiraa de forma inmediata ao departamento encargado da docencia, no caso de materias de grao, ou á comisión académica do mestrado, no caso de materias de mestrado, xunto con toda a documentación dispoñible, para que nomee un tribunal encargado de avaliar a persoa solicitante. No caso dunha materia compartida polo profesorado de varios departamentos, deberá garantirse unha repartición equitativa entre os departamentos implicados.

3. Tras recibir a solicitude de revisión polo departamento ou pola comisión académica de mestrado, nomearase un tribunal por maioría simple dos membros asistentes ao consello de departamento ou á comisión académica, tendo en conta que o profesorado responsable da materia deberá absterse na votación. No caso de que estes órganos non consideren procedente o nomeamento do tribunal, deberá motivarse de forma suficiente a decisión e remitila ao órgano de dirección do centro.

4. O tribunal estará composto por tres membros do PDI, da área ou de áreas afíns do departamento encargado da docencia no caso de materias de grao, ou do mestrado no caso de materias de mestrado. Non poderá formar parte do tribunal o profesorado responsable da avaliación ou cualificación da materia que orixinou a solicitude.

5. O tribunal revisará todas as probas de avaliación e as evidencias nas que se sustentou o proceso de avaliación e cualificación da ou do estudante solicitante que foron obxecto de reclamación e emitirá a súa resolución nun prazo de cinco días hábiles desde o seu nomeamento. A resolución estará sempre motivada.

6. A dirección do departamento ou da comisión académica deberá remitir a resolución do tribunal ao órgano de dirección do centro nun prazo de quince días hábiles contados desde a recepción da reclamación no centro.

7. Unha vez recibida a resolución do tribunal, o órgano de dirección do centro deberá notificarlla de forma inmediata á persoa interesada e á persoa coordinadora da materia, para que proceda á modificación da cualificación de ser o caso.

8. No caso dunha resolución desfavorable na reclamación do proceso, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de alzada ante a reitoría, que actuará de conformidade co establecido no título XI.

### **Artigo 38. Da reclamación da cualificación do TFG e do TFM**

1. No caso de reclamacións das cualificacións do TFG e do TFM, aplicarase o artigo anterior coa excepción de que para o caso do TFG o órgano de dirección do centro ou, de ser o caso, a comisión específica con competencias en materia de organización docente do traballo de fin de grao, será o encargado da designación do tribunal avaliador.

## **TÍTULO VII. DO USO DE MEDIOS ILÍCITOS**

### **Artigo 39. Do código ético**

No proceso de matrícula, o estudantado deberá comprometerse a actuar eticamente e con honestidade en todas as actividades organizadas pola universidade. En particular, este compromiso implica a renuncia ao emprego de medios, prácticas e/ou dispositivos non autorizados ou que poidan implicar un aproveitamento ilexítimo do traballo alleo, a apoderarse indebidamente do contido de probas ou exame, a utilizar indebidamente contidos ou medios de reprodución e de gravación das actividades universitarias suxeitas a dereitos de propiedade intelectual, así como asumir as consecuencias que ocasione o incumprimento do devandito compromiso e as sancións que derivasen deste, de acordo co previsto polo artigo 11 g) da Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria, cumprindo ademais co código ético da Universidade de Vigo.

### **Artigo 40. Da orixinalidade dos traballos**

1. A Universidade de Vigo fomentará o respecto á propiedade intelectual e transmitiralle ao estudantado que o plaxio é unha práctica contraria aos principios que rexen a formación universitaria.
2. A Universidade proporcionaralle ao estudantado a formación necesaria para a elaboración de traballos ou outras probas de avaliación con obxecto de ensinarlles a manexar e a citar as fontes utilizadas.
3. Enténdese por plaxio, a copia total ou parcial de textos ou doutros elementos (software, imaxes, gráficos etc.) como de elaboración propia sen citar a súa procedencia, incluída a utilización de medios dixitais. Por outro lado, enténdese como fraude académica calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico.
4. O profesorado poderá esixir que nos traballos e materiais entregados polo estudantado se inclúa unha declaración explícita na que se asuma a orixinalidade destes, entendida no sentido de que non se utilizaron fontes sen citalas debidamente.
5. Os centros garantirán o cumprimento das obrigas éticas establecidas neste artigo segundo o procedemento e as ferramentas que estimen oportunas.

### **Artigo 41. Da realización fraudulenta de las probas de avaliación**

As probas ou actividades de avaliación consideraranse realizadas de maneira fraudulenta cando concorran, entre outras, as seguintes circunstancias:

- a. Copia doutros/as estudantes en exames.
- b. Utilización de apuntamentos, libros, materiais ou medios telemáticos non autorizados explicitamente nas probas.
- c. Incumprimento das normas establecidas polo profesorado con antelación á proba.
- d. Comunicación, con calquera medio, con outras persoas, salvo o profesorado responsable da supervisión, durante a realización das probas.
- e. Suplantar ou intentar suplantar un/unha estudante no seu labor propio ou prestar o consentimento para ser suplantado, en relación coas actividades universitarias.
- f. Apoderarse indebidamente do contido de probas, exames ou controis de coñecemento, así



como de calquera outro documento que sexa empregado no proceso ensino-aprendizaxe.

- g. Utilizar indebidamente contidos ou medios de reprodución e gravación das actividades universitarias suxeitas a dereitos de propiedade intelectual.
- h. Atribución da realización de traballos individuais, grupais ou de prácticas alleos.
- i. Uso de calquera fragmento extraído directamente de fontes bibliográficas ou outros recursos de información sen indicar claramente a referencia do autoría e traballo orixinal segundo o indicado no artigo anterior.
- j. Alterar, falsificar, subtraer ou destruír documentos académicos, ou utilizar documentos falsos ante a universidade.

## **Artigo 42. Da cualificación no caso de comisión de fraude académica**

1. A actuación fraudulenta en calquera proba de avaliación implicará a cualificación de cero (suspenso) na acta da oportunidade de avaliación da convocatoria correspondente, iso con independencia do valor que sobre a cualificación global desta tivese a proba en cuestión e sen prexuízo das posibles consecuencias de índole disciplinaria que poidan producirse.

2. Esta cualificación deberá basearse na constancia indubitada de fraude e nunca na sospeita non confirmada do uso de medios ilícitos.

3. No caso de detectarse unha actuación fraudulenta durante a realización dunha proba presencial, o/a estudante, tras ser identificado polo profesorado encargado da vixilancia da proba, deberá abandonar inmediatamente a proba.

4. O profesorado que detectase o uso de medios e materiais ilícitos, deberá presentar no órgano de dirección do centro un informe da incidencia coas circunstancias do feito e da actuación levada a cabo, no día seguinte hábil á realización da proba presencial ou, no caso doutro tipo de proba, desde a comprobación do uso fraudulento, en calquera caso, o citado prazo non será superior ao establecido para a publicación dos resultados das probas de avaliación. O centro remitiralle de forma inmediata unha copia do informe ao departamento e ao estudantado implicado.

5. En función da gravidade dos feitos, o centro comunicarllo á reitoría por se puidese ser constitutivo de infracción disciplinaria ou de delito, para que proceda acorde coa Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria e co Regulamento de réxime disciplinario do estudantado da Universidade de Vigo.

## **Artigo 43. Da impugnación pola utilización de medios fraudulentos**

1. O estudantado, no prazo de tres días desde a realización da proba presencial ou da comunicación do acto fraudulento noutro tipo de probas, poderá presentar unha reclamación ante o centro se non está de acordo coa decisión do profesorado. O centro deberá responder no prazo de dez días hábiles.

2. No caso dunha resolución desfavorable na reclamación do proceso, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de alzada ante a reitoría, que actuará de conformidade co establecido no título XI.

## **TÍTULO VIII. DOS TRIBUNAIS DE AVALIACIÓN**

### **Artigo 44. Dos requisitos**

1. Os tribunais de avaliación das materias poderán ser solicitados tanto polo estudiantado como polo profesorado responsable da materia.
2. O estudiantado ten dereito a ser avaliado ante un tribunal nos supostos seguintes:
  - a. Cando o/a docente ou docentes estean incurso nunha das causas de recusación previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
  - b. Na avaliación de fin de carreira, no caso de títulos de grao.
  - c. Cando o/a estudante non superase a materia na terceira matrícula sen anulala antes, no caso de títulos de grao.
3. O profesorado poderá solicitar o nomeamento dun tribunal cando concorran algunhas das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

### **Artigo 45. Do procedemento**

1. A tramitación das solicitudes ás que se refire o artigo anterior serán competencia do centro. A solicitude dirixirase ao decano/director do centro, nos modelos e prazos establecidos para os efectos.
2. Cada centro publicará a composición dos devanditos tribunais como máximo nos cinco días hábiles seguintes á finalización dos prazos aos que se refire o punto anterior.

### **Artigo 46. Da composición**

Cada departamento designará para cada unha das solicitudes ás que se refire o artigo anterior, un tribunal composto por tres docentes da área de coñecemento á que estea adscrita a materia ou, se non fose posible, de áreas afíns. O profesorado da materia non poderá formar parte do devandito tribunal.

### **Artigo 47. Do funcionamento**

1. Cada tribunal publicará a data prevista para realizar a proba, cunha antelación de polo menos cinco días hábiles respecto da citada data, así como a hora e o lugar en que terá lugar.
2. Con carácter xeral deberá procurarse que a proba se realice na mesma data prevista para esa materia, curso e grupo no calendario de exames.
3. O tribunal atenderá á modalidade de avaliación global independentemente de que o estudante a solicitara ou non inicialmente.
4. O procedemento para a publicación de cualificacións provisionais, definitivas e posibles reclamacións será o mesmo que o establecido para a avaliación sen tribunal.
5. Unha vez adoptada a resolución cualificadora, redactarase a correspondente acta, que asinarán os membros do tribunal.

## **TÍTULO IX. DA AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN**

### **Artigo 48. Do obxecto da avaliación por compensación**

Enténdese como avaliación por compensación (AC) o mecanismo polo que se avalía en conxunto a traxectoria académica e o labor realizado por unha ou un estudante ao final dos seus estudos para determinar se acadou os suficientes coñecementos e competencias que lle permitan obter a titulación académica á que opta, compensando materias que non teña superadas.

### **Artigo 49. Dos requisitos para admitir a trámite as solicitudes**

Poderá solicitar a avaliación por compensación o estudiantado de Grao cando cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que cando menos o 50% dos créditos da titulación foran cursados na Universidade de Vigo.
- b) Que resten para graduarse un máximo de dúas materias que non superen entrambas os 12 créditos, agás o TFG.
- c) Que o/a estudante esgotara na(s) materia(s) na(s) que solicita a AC cando menos catro oportunidades de avaliación nos tres últimos cursos, e terse presentado nalgunha das oportunidades dispoñibles no curso académico en que se solicite (agás que xa non teña a posibilidade de presentarse por estar matriculado/a nun plan de estudos en proceso de extinción).
- d) Que a cualificación obtida non fora inferior a 2 ou non avaliado en ningunha das catro oportunidades.

### **Artigo 50. Das limitacións da avaliación por compensación**

- a) Non serán obxecto de compensación o traballo de fin de grao, as prácticas e o prácticum, nin materias do curso de adaptación ao grao (curso ponte).
- b) O número máximo de créditos que se poderá conceder por avaliación por compensación na vida académica do estudiantado será de 12.
- c) Non se lle poderá conceder a AC a unha/un estudante que non estea matriculado na(s) materia(s) a compensar no momento de solicitar a AC, agás que a(s) materia(s) estea(n) totalmente extinguida(s).
- d) As materias compensadas non poderán ser obxecto de recoñecemento noutras titulacións da Universidade de Vigo, nin entre graos que formen parte de programas académicos de simultaneidade de dobres titulacións con itinerario específico (PCEO). Neste caso soamente se poderá solicitar a AC en materias dunha titulación que non teñan recoñecemento na outra titulación que forma parte do plan conxunto.
- e) Non se lle poderá conceder a AC a un/unha estudante ao/á que lle conste algunha sanción grave no seu expediente académico.

### **Artigo 51. Dos criterios da avaliación por compensación**

1. Concederáse de xeito automático o apto por compensación da(s) materia(s) solicitada(s) tras a constatación do cumprimento de todos os requisitos do artigo 49, das limitacións do artigo 50, e sempre que o/a estudante se encontre en polo menos un dos seguintes supostos:

- a) Que obtivese polo menos unha vez unha cualificación igual ou superior a 4 ou unha media superior a 3,5 entre as dúas mellores cualificacións na(s) materia(s) a compensar,
- b) Que a media do seu expediente sexa igual ou superior á nota media da súa titulación na última promoción con dereito a docencia.

2. No caso de que o/a solicitante non se encontre en ningún destes supostos, pero reúna todos e cada un dos requisitos do artigo 49, a solicitude será admitida a trámite para que a valore a comisión de compensación.

3. A comisión de compensación valorará a traxectoria académica global da/o solicitante e, en particular, na(s) materia(s) obxecto de compensación e nas materias afíns (se as houbese), e analizará canta información complementaria considere oportuna para garantir que o/a estudante acadase as

competencias da titulación. A comisión poderá solicitarlle(s) ao(s)/á(s) docente(s) responsable(s) da(s) materia(s) un informe no cal consten as consideracións relativas a todas as actividades desenvolvidas polo/a estudante (traballos, exames, prácticas etc.).

4. En ningún caso se lle poderán realizar probas de avaliación ao estudantado solicitante.

## **Artigo 52. Da comisión de compensación**

1. Todos os centros da Universidade de Vigo contarán cunha comisión de compensación por titulación.
2. A comisión de compensación será nomeada polo centro de adscrición da materia coa seguinte composición e tendo en conta a proporción entre mulleres e homes no claustro de profesorado da titulación:
  - O decano/a, director/a ou persoa coordinadora da titulación na que delegue, que a presidirá.
  - Tres vogais e tres suplentes pertencentes ao profesorado da titulación. Deberán estar representadas as diferentes áreas de coñecemento que teñan asignada docencia na titulación.
  - Un ou unha vogal e suplente que representen o estudantado na xunta do centro correspondente.
3. A elección ou designación das persoas que formen a comisión realizarase ao comezo do ano académico e renovarase cada dous anos, sen prexuízo de poder cubrir as baixas que vaian xurdindo.
4. Non poderá formar parte da comisión o profesorado que interviñera na corrección ou avaliación da materia que se solicita compensar. De ser o caso, este deberá ser substituído por outro/a docente designado polo centro.

## **Artigo 53. Das solicitudes e prazos**

A solicitude de AC irá dirixida, por medio dunha instancia da/o estudante, ao órgano de dirección do centro de adscrición da materia. Esta poderá realizarse en cada período de avaliación desde a data de apertura de actas ata quince días hábiles despois do peche de entrega das mesmas.

## **Artigo 54. Do procedemento de resolución e notificación**

1. O prazo máximo para resolver será dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes. O mes de agosto considerarase non hábil para os efectos desta resolución.
2. Cando non proceda a admisión dunha solicitude, o/a decano/a – director/a acordará a inadmisión motivada desta e trasladaralle o acordo á/ao solicitante.
3. A comisión examinará todas as solicitudes admitidas a trámite que non sexan de resolución automática, segundo os criterios establecidos no artigo 51.
4. O acordo da comisión remitiráselle ao órgano de dirección do centro, quen ditará a oportuna resolución e comunicarálla mediante un escrito á persoa solicitante; no caso de denegación debe ser motivada. Cando se trate de titulacións que dean acceso a unha profesión regulada a resolución deberá identificar as competencias profesionais vinculadas á materia e cuxa adquisición non quede demostrada que xustifiquen a denegación.
5. A avaliación por compensación figurará no expediente de cada estudante como «apto por compensación» sen cualificación numérica. Para os efectos de baremo do expediente, o «apto por compensación» terá a equivalencia de aprobado coa cualificación numérica de 5.

## **Artigo 55. Dos recursos**

No caso dunha resolución desfavorable da solicitude, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de alzada ante a reitoría, que actuará de conformidade co establecido no título XI.

## **TÍTULO X. DO PROCESO DE MELLORA DA CALIDADE DA APRENDIZAXE**

### **Artigo 56 . Da procura de calidade baseándose en resultados**

1. Na procura da mellora da calidade dos estudos, correspóndelle ao centro de adscrición da titulación a través da súa comisión con competencias en calidade recompilar, seguir e analizar de forma sistemática os resultados do proceso de ensino-aprendizaxe do estudantado e, de ser o caso, a proposta das accións de mellora precisas.
2. Para tal fin, os centros presentarán un informe anual dos resultados por curso académico onde se recolla unha análise estatística e histórica que permita valorar a calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe desenvolvidos no ámbito de centro, título e materia.

### **Artigo 57. Do informe anual dos resultados**

1. O informe anual de resultados, deberá incluír por título e materia, polo menos:
  - a. As taxas de eficiencia, éxito e rendemento que permitan medir o desempeño académico do estudantado anualmente e os informes asociados das materias cando corresponda.
  - b. A análise dos recursos persoais e materiais, así como dos espazos, asignados á docencia e á avaliación.
  - c. A relación de queixas, suxestións e parabéns asociados ás materias ou títulos recibidas durante o curso académico, así como as súas resolucións de ser o caso.
  - d. A proposta, a realización e o seguimento, de ser o caso, de accións de mellora co obxectivo de potenciar continuamente a excelencia académica.
  - e. Calquera outro indicador, ítem ou baremo relevante que veña recollido no sistema de garantía interno de calidade (SGIC).
2. Dentro do proceso de planificación, desenvolvemento e avaliación da calidade na Universidade de Vigo, a Comisión de Calidade deberá facer o seguimento anual dos informes de resultados por título e centro, garantindo o correcto desenvolvemento da docencia e a consecución dos obxectivos de calidade así como dos resultados marcados pola Universidade de Vigo.

### **Artigo 58. Das desviacións significativas dos resultados**

1. No caso das materias con desviacións significativas nos seus indicadores de resultados, a Comisión de Calidade solicitaralle ao coordinador/a da materia un informe das causas que, ao seu xuízo, producen estes resultados e que propoña accións de mellora co fin de corrixilas. Este informe deberá remitirse nun prazo máximo de vinte días hábiles contados a partir da aprobación do informe anual de resultados pola xunta de centro.
2. Consideraranse desviacións significativas das taxa de rendemento, éxito e eficiencia as que se afasten máis de dúas desviacións típica respecto da media da titulación do curso académico obxecto de seguimento.
3. A Comisión de Calidade deberá facer o seguimento dos resultados co obxectivo de analizar a evolución da materia e, de ser preciso, determinará as accións de mellora concretas para a melloramento dos resultados.

## **Artigo 59. Das enquisas de satisfacción no proceso de mellora da calidade**

1. A calidade percibida polos axentes e os grupos de interese implicados nas ensinanzas mostra o grao de satisfacción coas necesidades e as expectativas que deben ser avaliadas e satisfeitas segundo os criterios de excelencia pola Universidade de Vigo e, polo tanto, por todos os centros e titulacións impartidas por esta.
2. A realización polo estudantado das enquisas de avaliación da satisfacción das titulacións constitúe unha ferramenta de desenvolvemento e mellora continua dos centros e das titulacións, no marco dos sistemas de garantía da calidade dos centros e dos procesos de seguimento e acreditación dos títulos oficiais (graos e mestrados universitarios).
3. Os datos extraídos das devanditas enquisas deberán analizarse, polo menos unha vez ao ano, na comisión de calidade co obxectivo de analizar a información extraída e, de ser preciso, determinar as accións de mellora concretas.

## **Artigo 60. Da participación activa nos procesos de mellora da calidade**

Todos os grupos de interese en xeral e, particularmente, o estudantado poden participar nos procesos de mellora da calidade a través de varios órganos e canles:

- a. Participación nos órganos de goberno da universidade. Tanto a Comisión de Calidade da Universidade como cada unha das comisións de calidade constituídas nos centros, contan con representantes do estudantado de graos e mestrados, que son elixidos de acordo aos procesos regulados no Regulamento da Comisión de Calidade da Universidade e na normativa dos centros, respectivamente.
- b. Participación a través do sistema de queixas, suxestións e parabéns (QSP). Calquera membro da comunidade universitaria, ben persoalmente, ben a través dos seus representantes, pode dirixirse ao órgano competente que corresponda a través da caixa de QSP da Universidade de Vigo para expresar razoadamente unha observación para que poida ser valorada, unha manifestación de desacordo ou discrepancia para que sexa atendida ou mesmo un parabén como manifestación da súa satisfacción ou agradecemento.
- c. Participación a través das enquisas de satisfacción. As enquisas de satisfacción supoñen unha ferramenta chave para coñecer as expectativas e satisfacción dos grupos de interese e detectar posibles áreas de mellora nos centros e nas titulacións.
- d. Participación nas enquisas de avaliación docente. Todo o estudantado matriculado nalgunha titulación de grao ou de mestrado da Universidade de Vigo poderá participar na realización das enquisas de avaliación docente do profesorado. As enquisas de avaliación docente son un aspecto fundamental nos programas de calidade como o programa de avaliación docente do profesorado-docencia e o programa de acreditación das titulacións.
- e. Participación no Plan de acción tutorial do centro. Este plan de orientación destinado ao estudantado de graos e mestrados recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración de todo o estudantado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas.

## **TÍTULO XI. DOS RECURSOS**

### **Artigo 61. Dos recursos de alzada**

1. No caso dunha resolución desfavorable na reclamación dalgún dos procesos citados neste regulamento, a persoa interesada poderá interpoñer un recurso de alzada ante a reitoría nun prazo de dez días hábiles contados desde a recepción da resolución.
2. Unha vez recibido o recurso, a reitoría remitiralle toda a documentación á Valedoría Universitaria para que revise o proceso reclamado.
3. Para revisar o proceso, a Valedoría Universitaria poderá realizar todas as actuacións que considere oportunas, incluso nomear un tribunal externo á universidade, garantindo, en calquera caso, que escoitará ou solicitaralles un informe a todas as partes involucradas no conflito.
4. Tras rematar as súas actuacións, a Valedoría Universitaria remitiralle a súa decisión, que non será vinculante, á Reitoría, quen ditará a resolución e notificaralla á persoa interesada. Tamén informará da resolución as restantes partes involucradas.
5. A resolución da reitoría esgota a vía administrativa.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Atendendo a súas especificidades, o disposto neste regulamento poderá ser obxecto dunha regulación máis detallada por parte dos centros, sempre que non se contraña o establecido neste regulamento e especialmente respectando os dereitos e garantías nel establecidos.

O presente regulamento enviarase aos centros adscritos da Universidade de Vigo, aos efectos de que procedan a elaborar ou adaptar, segundo o caso, na medida en que poidan verse afectadas polo seu contido, as súas propias normativas.

### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Derrógase o artigo 18 do Regulamento de estudantes de 2001, aprobado polo Claustro Universitario o 3 de abril de 2001, a Normativa de elaboración, aprobación e publicación de guías docentes na Universidade de Vigo aprobada polo Consello de goberno o 9 de xuño de 2009, a Instrución do 28 de xuño de 2013 para a reclamación do TFM/TFG, así como outras normas da Universidade de Vigo de igual ou inferior rango que poidan contravir o disposto no presente regulamento.

### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Durante o primeiro ano académico de vixencia da presente normativa non se aplicarán os requisitos e os criterios establecidos nos artigos 49 e 51 do título IX «Da avaliación por compensación», que se seguiran rexendo segundo o disposto na Resolución reitoral, do 9 de febreiro de 2018, pola que se aproba o procedemento transitorio para a avaliación por compensación en estudos de grao.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

#### **Entrada en vigor**

O presente regulamento entrará en vigor o primeiro día do curso académico 2023/2024.